



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

21/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 25 NOVEMBRO DE 2020.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 25 de novembro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Iván Martínez González e D. Genaro Prieto Iglesias (que en data 16.11.2020 ten presentado escrito de renuncia ao cargo de concelleiro, da cal se toma coñecemento na presente sesión plenaria). Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 16.09.2020 (13/2020 E 14/2020), 30.09.2020 (15/2020), 08.10.2020 (16/2020), 28.10.2020 (18/2020) E 04.11.2020 (19/2020).

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, damos comezo ao resto do Pleno Ordinario co primeiro punto da orde do día que é a aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 16.09.2020, 13/2020 e 14/2020, 30.09.2020, 08.10.2020, 28.10.2020 e 04.11.2020. Bueno, iremos votando unha a unha. A ver, a acta do 16.09.2020, votos a favor, ¿todos?, ¿non?. 30.09.2020, votos a favor, todos... O 08.10.2020, votos a favor. O 28.10.2020 votos a favor, todos... E a última o 04.11.2020, votos a favor, todos outra vez, vale.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ás actas das sesións que de seguido se relacionan:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 16.09.2020 (13/2020).
- Acta da sesión extraordinaria, a petición de concelleiras/os, realizada o día 16.09.2020 (14/2020).
- Acta da sesión ordinaria realizada o día 30.09.2020 (15/2020).
- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 08.10.2020 (16/2020).
- Acta da sesión ordinaria realizada o día 28.10.2020 (18/2020).
- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 04.11.2020 (19/2020).



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

2.- RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO DE D. GENARO PRIETO IGLESIAS, DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón ao segundo punto que é dar conta da renuncia ao cargo de concelleiro de D. Genaro Prieto Iglesias, do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común. Bueno, en todo caso e... Genaro Prieto Iglesias do Grupo de Esquerda Unida presenta e... por motivos persoais presenta a dimisión como concelleiro deste Concello, e bueno, pois en todo caso será dar coñecemento da renuncia de D. Genaro Prieto Iglesias, transmitirlle o agradecemento de toda a corporación polo traballo desenrolado neste tempo, e en todo caso pois é... ¿hai que votalo secretario?... non fai falla... pois entón non, entón tomamos coñecemento, vale. Pois entón xa tomamos coñecemento da renuncia de Genaro Iglesias.

Visto o escrito de data 16 de novembro de 2020 (R.E. 4609/16.11.2020), presentado polo concelleiro do grupo municipal de Esquerda Unida-SON En Común, D. Genaro Prieto Iglesias, no que renuncia ao seu cargo de concelleiro, e que traducido e copiado di:

“Que por motivos persoais presenta a dimisión como concelleiro deste Concello.”

E solicita:

“Que previos os trámites oportunos se lle dea curso a esta solicitude.”

Atendido o anterior o Pleno da corporación, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 17.11.2020, obrante no expediente, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia presentada por D. Genaro Prieto Iglesias ó cargo de concelleiro desta Corporación, e indicarlle á Xunta Electoral Central que o nome da seguinte da lista de Esquerda Unida-SON En Común de Mugar dos á que, a xuízo desta Corporación, lle corresponde cubri-la vacante é Dna. María Irene Toimil Fernández.

2º.- Transmitirlle o agradecemento de toda a Corporación polo traballo desenrolado neste tempo.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE TODO O ALUMNADO.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN relativa á distribución de máscaras entre todo o alumnado, e o Concello Pleno, por 3 votos a favor (2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acorda rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓN



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Sr. Alcalde: Bueno, o punto terceiro é moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común relativa á distribución de máscaras entre todo o alumnado. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. González Lorenzo: Vale, ben. Ben, boa tarde a todos e a todas, e... imos votar de menos a Genaro. Ben, e... o motivo desta moción, existe a obrigatoriedade de usar a mascarilla en tódolos ámbitos sociais, e polo que se ve vai a seguir así durante o ano 2021, a pesar das vacinas tan prometidas... pero bueno, do que vaia a pasar. Os alumnos dos centros educativos precisan levala e precisan ter dous por día, por un máximo de que as mascarillas cirúrxicas teñen 4 horas de vida, usadas continuamente. Bueno, tamén sabemos que as cirúrxicas son as que son recomendadas, aínda que se poden usar mascarillas de tela, teñen que levar filtro, e teñen que ser lavadas, e teñen que ser tal, entón as cirúrxicas son as mascarillas recomendadas. O certo é que estamos vendo cada vez máis máis mascarillas lavadas, mascarillas deste tipo... remendadas... eu as vexo aquí e tamén as vexo pola miña profesión. A Xunta sacou unha Orde para a gratuidade das mascarillas que sen embargo non é universal, que discrimina a parte do alumnado, é máis, o discrimina e tamén o sinala, publicando nas listas de taboleiros de anuncios de dentro dos centros os rapaces e as rapazas que van a ter dereito a esas mascarillas. A parte de que fan unha referencia a que son os ingresos do ano 2018, e estamos no 2020, e xa case en decembro. Ademais de chegar tarde, a propia orde pon que teñen tres meses para solucionar as solicitudes presentadas ou as posibles reclamacións. A Federación de ANPAS xa reclamaba estas mascarillas na moción que aprobamos aquí, de apoio á Federación de ANPAS, para o comezo do curso escolar, nas que dicían que reclamaban que todo o material, tanto cirúrxico... como mascarillas cirúrxicas, como os hidroxelos e demais, fora dispensado ou fora proporcionado pola administración para todo o ensino público. Volvo a repetir que ese manifesto o apoiamos nunha moción nesta corporación. O centros e as ANPAS dos centros educativos de Mugar dos tamén se fan eco desta reclamación da Federación de ANPAS, que volve a solicitar que as mascarillas sexan para todo o alumnado. Nosoutros cremos que é o momento de axudar o máis posible e de non alongar máis este tempo de espera, porque xa, como dixen ao principio, vamos a ata decembro, poñerémonos despois das vacacións de Nadal. É un recurso económico e que salva vidas. Por todo iso presentamos esta moción que contén os seguintes acordos: 1º.- Rexeitar a orde do 6 de novembro, publicada no DOG do 13 de novembro, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. 2.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a distribuír ás máscaras entre todo o alumnado en número suficiente para garantir a protección e evitar o contaxio. 3.- Que o Concello, garanta de non rectificar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a orde do 6 de novembro, publicada no DOG do 13 dese mesmo mes, a distribución gratuíta de máscaras para todo o alumnado dos centros educativos de Mugar dos. E, 4.- Remitir o acordo á Consellería de Cultura, Educación, Universidade, ás direccións dos centros educativos do Concello de Mugar dos e ás ANPAS dos respectivos centros.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois presentada a moción abrimos un primeiro turno de palabras, ¿palabras?. Gemino e José Ángel. Gemino. Perdoa un segundo Gemino, que non tes activado o micrófono. E antes de que comeces temos que disculpar a Iván, que non veu, o concelleiro de Esquerda Unida, por motivos persoais, vale.

Sr. Varela Filgueiras: Antes de entrar de cheo na exposición da nosa posición nesta moción, quería facer un pequeno inciso en canto a este minuto de silencio que acabamos de manter e á información que aparece na páxina Mugar dos en liña, porque creo que tanto o minuto de silencio coma a información... bueno, minuto de silencio non, porque indubidablemente creo que todos estamos de acordo e o acabamos de celebrar, pero en canto á información que aparece en Mugar dos en liña, de aprobación da declaración institucional, creo que estas cousas deberían de pasar polas canles habituais, xa non entendín moi ben que ese intento de declaración pasara pola comisión de benestar e non pola Xunta de Voceiros, e o que entendo menos é que veña que se... que o Concello aprobou esa declaración institucional, o certo é que o Concello non aprobou ningunha declaración institucional, como moito a aprobaría o goberno do Concello, porque esta declaración institucional nin pasou pola Xunta de Voceiros, nin se votou na comisión de benestar, nin se vai a votar aquí neste Pleno. E bueno, xa entro de cheo no relativo a esta moción. E bueno, o certo é que nós imos a apoiar esta moción porque entendemos que un dos riscos que trae aparelado esta pandemia é de que os seus efectos vaian a castigar á xente que xa foi castigada na anterior crise, e porque ademais temos que pensar que unha familia de catro membros vai a ter un gasto mensual de máis de 150 euros, si opta sobre todo polo modelo hixiénico ou cirúrxico. E estes 150 euros son aproximadamente o 20% do sueldo mínimo interprofesional, que creo que hai moita xente en Mugar dos que a día de hoxe non chega incluso nin a gañar iso, e porque ademais non é unha cuestión opcional o da máscara, senón que realmente é unha obrigatoriedade. E por iso entendemos que debería de ser a Xunta de Galicia, e no seu defecto o Concello, o que garanta a distribución gratuíta das máscaras entre todo o alumnado dos centros educativos do noso Concello.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Hola, boas tardes, grazas. Bueno, nós nesta moción o que vemos son dúas mocións nunha ¿non?, nós estamos totalmente de acordo, e así o fixemos... o apoiamos na moción que se presentou fai uns plenos, en apoio das... do manifesto das ANPAS, na cal pois bueno, dicíannos que... bueno, pedíáselle á Xunta iso... que puxera a disposición dos alumnos as máscaras, de tódolos alumnos, ¿non?. Entón pois nese caso si que estamos de acordo totalmente no punto un e dous, como dicía, pero entendemos que hai aquí, no punto tres, hai unha cuestión que debería de ser pois unha moción diferente, porque non entendemos o encaixe que ten, se estamos a dicir que instamos á Consellería a que as máscaras sexan gratuítas para todos os alumnos, para así evitar tamén que se saiba cales son de rendas baixas e de rendas altas, e bueno, pois se trate a tódolos nenos por igual, entón non tería sentido que despois o Concello fose o que abonase as máscaras aos alumnos que non teñen necesidades económicas, en concreto, ¿non?, porque eu entendo que si calquera persoa, calquera alumno ten problemas económicos realmente, que non pode comprar as máscaras,



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

vindo ao Concello, pois por asistencia social axudáraselle para que tivese esas máscaras, entendo, entendo eu ¿non?, que sería algo ao que se lle podería axudar. Non obstante unha persoa que ten rendas altas posiblemente pois non estea preocupada por este tema agora mesmo, e simplemente pois compra as máscaras e xa está ¿non?, non ten ese problema. Entón non creo que sexa subsidiario, ¿sabes?, si a Xunta non retira a... esta norma, entendo que o Concello non sería subsidiario, non sería el o que fose a comprar tódalas máscaras a tódolos nenos, polo tanto só lle compraría as máscaras aos nenos das familias que non... se entende que non necesitarían esa cuestión ¿non?. Porque en ningún momento se di que o Concello sexa o que poña tódalas máscaras a disposición dos alumnos, en ningún momento da... na moción, dise no caso de que a Xunta non rectifique e... e entón por iso non entendemos moi ben, e non estamos de acordo para nada co punto... co punto tres, cremos que o Concello si que debe garantir no caso de que algún neno quede sen máscaras que as poña o Concello, pero non pois que sexan as máscaras para os... para as familias de rendas máis altas, ¿non?, en ningún caso. Por iso nós entendemos que si se retira o punto tres nós estaríamos totalmente a favor de votar esta moción, instando á Xunta, efectivamente, que sexan eles quen se fagan cargo de tódalas máscaras de tódolos nenos dos colexios. A parte que entendemos que evidentemente, sendo un tema de educación, pois é unha competencia totalmente da Xunta de Galicia.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso se algún grupo quere que abramos un segundo turno pois abrimos un segundo turno. ¿Abrimos un segundo turno?. Entón, ¿palabras?. Si.

Sra. González Lorenzo: Por aclarar o que apuntaba o voceiro do PSOE. Creo que o punto tres é claro, e creo que a intención da moción, o mesmo que o que di na da Confederación de ANPAS, é claro, todo o material anticovid, chamado anticovid, pero abundantemente as mascarillas e máis o hidroxel deberían de ser proporcionados pola Xunta para todo o alumnado, non para uns si e outros non. E o que poñemos aquí no punto tres é que de non facer a Consellería de Educación e Cultura ese cambio, e proporcionar as mascarillas, como igual que se che proporciona cando entras nun centro hospitalario ou nun centro de saúde, aínda que leves a túa se che proporciona unha mascarilla, porque as mascarillas de tela, xa dixeran antes, non son admitidas si se pon unha mascarilla cirúrxica por encima, todo... que se lle proporcione a todo o alumnado. Se isto non pode ser, e xa estamos en decembro, e se prevé que a utilización de mascarillas se alongue durante todo o ano 2021, é unha axuda para todo o alumnado. E así non faremos esas distincións de ver colgado nun taboleiro que eu son de baixos recursos e necesito mascarillas. Creo que nisto levamos insistindo moito tempo, hai moita xente que agora está en ERTE, que ten traballo, si, pero está nun ERTE, cun 70% do salario; hai moita xente que xa nin traballo ten, pero sin embargo as hipotecas e todo chegan o mesmo ¿non?. Non podemos dicir que sexan persoal de emerxencia social, pero si podemos dicir que isto supón unha axuda, como dixo o voceiro do BNG, que nalgún caso algunha familia que conserva o seu traballo, ou un traballo en precario, supón 150 euros ao mes. É un esforzo, si, pero cremos que é un esforzo que axudaría a todos, non só ao alumnado, tamén aos pais deses alumnos e ás nais, a tódalas familias. Entón o punto tres é claro, si a



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Consellería, que é o que se pide, non rectifica e non lle proporciona ese material a todo o mundo, que o fagamos nós.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Claro, haber. Eu o que non... o que non entendemos nós, faise fincapé no tema de que se vai a colgar no taboleiro de anuncios dos colexios os nomes... iso, si a Xunta non o retira vaise a colgar igual, ou sexa, non... que o Concello sufrague as máscaras aos demais nenos non quere dicir que non se vaia a poñer igual no taboleiro, porque a Xunta non vai a cambiar... non vai a cambiar a Orde. Entón o que entendemos é que o que estamos a pedir... a petición é que a Xunta retire... ou sexa, rectifique, e que sexa... e que as máscaras sexan para tódolos nenos. Iso... iso é o que se está a pedir. Se non rectifica, no taboleiro de anuncios do colexio vaise a colgar igual a lista dos nenos que se poden acoller a estas máscaras, e o Concello o que tería que facer entón é cunha lista cos nenos aos que si lles vai a facilitar as máscaras, que vai a resultar que son os... precisamente os nenos das familias ás que aínda que si que lles vai a supoñer un custo, sabemos que vai a ser un custo para esas familias, pero posiblemente si que estean en circunstancias de asumilas. Ese é o noso motivo de dicir que o punto tres estaría... para nós está fóra do que sería o que o Concello debería de sufragar. Entendemos que isto é unha cuestión da Xunta de Galicia, claro, outra cousa é que bueno, como é Concello pois que pague as máscaras de todo o mundo, aínda que non cremos que sexa así. Igual que pensábamos, no momento no que se falaba da dixitalización, dos equipos informáticos, etc, entendemos que non é unha competencia do Concello, que si que efectivamente, cando hai un neno que ten unha necesidade en concreto, e ven ao Concello, si debe de ser atendido. Pero non... o Concello non pode facerse cargo dos temas de educación, entendemos nós, e non queremos que o faga tampouco, porque non entendemos... e entón non tería sentido xa, e que o Concello se fixese cargo de todo... de todo o tema educativo, e non ten que ser así. Entón, nese caso, como che digo, se o punto tres, vós, se non vos importa retirar o punto tres, para... pódese meter noutra moción, incluso, eu creo, porque son cousas totalmente diferentes... nós estaríamos totalmente de acordo en rexeitar esa orde e en instar á Consellería de Cultura a que abonara as máscaras para tódolos nenos. Senón non o imos votar a favor, imos a votar en contra ou absternos, pero non imos a votar a favor, porque entendemos que non é unha competencia municipal abonar as máscaras, sobre todo non se vai a evitar que se poñan as listas dos nenos das familias con rendas baixas, e entón os nenos das rendas altas pois entendemos que as familias estarán en disposición de mercarlle máscaras aos seus fillos.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, eu fago unha... unha cuestión para aclarar algún concepto que se comentou. Imos ver, en primeiro lugar, ao respecto do voceiro do BNG, dicía que era unha declaración institucional... non fixemos unha declaración institucional, é un manifesto, a declaración institucional creo que se intentou facer unha declaración institucional, falouse con varios grupos, no callou a declaración institucional e o Concello fixo un manifesto, un manifesto que ven a ser pois tanto como publica a Xunta de Galicia como publica calquera administración pública, cremos que algo temos que dicir sobre este tema, pero non é unha declaración institucional, de feito en Mugar dos en liña, lea ben o



Concello de Mugardos
(A Coruña)

texto, pon que é un manifesto non unha declaración institucional. Pero é un manifesto, o Concello de Mugardos se manifesta, non ten porque aprobalo un Pleno, senón que me rectifique o secretario, ¿os manifestos temos que aprobar o Pleno?. Claro, pois xa está, aclarado o asunto... falamos... non, estou aclarando unha cousa. E outra cuestión, ao comezo do curso escolar falouse coas direccións de tódolos centros educativos, con todos, absolutamente todos, e se dixo que si por algunha circunstancia económica, social ou dalgunha índole se precisa por algún motivo que algunha familia ten unha vulneración porque a renda modificou as súas circunstancias sociais, económicas ou laborais, modificouse de xeito substancial, ningunha familia vai a quedar sen máscaras, o Concello dende servizos sociais vai a atender perfectamente esas manifestacións. Polo tanto ningunha familia de Mugardos vai a ter problemas por motivos laborais ou económicos en non ter máscaras. Ese é o compromiso que temos, polo tanto ninguén, ninguén dos que estamos aquí, vai a permitir que ningún neno... por eses motivos poida pedilo. Obviamente non ten máis que vir aquí a asuntos sociais, é unha protección de datos que imos facer, non imos a publicar ningunha lista acerca de ningunha familia e daranse máscaras para que non aparezan en ningunha lista. En todo caso, está garantido por este Concello que ningunha familia que o solicite vai a quedar sen máscaras, iso que quede por diante. Obviamente terá que acreditar esa baixada de... situación pois documentalmente, porque senón todo o mundo viría a pedila porque si, ten que pasar, pois loxicamente, o filtro dos traballadores sociais. Pero indubidablemente ese cuestión, se esa é a preocupación que temos todos, ningunha familia, repito, de Mugardos que teña necesidades económicas non vai a ter problemas para que o Concello lle facilite máscaras, quede dito este tema. E bueno, e... si, agora si, se queres podes pechar a moción. Nada, non te preocupes.

Sra. González Lorenzo: Está claro que temos ideas diferentes do que é unha educación universal, pública, gratuíta para tódolos nenos e as nenas. Temos unhas ideas moi diferentes e como tal consideramos que igual que a educación ten que ser accesible, pública e gratuíta para tódolos nenos e as nenas, e de calidade, estas necesidades tamén o consideramos así e queremos evitar así as listas de “beneficiarios”, entre comiñas. E vólvese a repetir, bueno, ao inicio,... ao comezo do curso falouse coas direccións... bueno, o curso vai avanzando, as necesidades van xurdindo cada vez máis, os ERTE’s vanse prorrogando no ano, e falamos das competencias municipais, que son competencias de educación, ¿pero a carpa é unha competencia do Concello?, e púxose. ¿O termómetro é unha competencia do Concello?, e púxose. ¿Unha caixa de 50 mascarillas ao inicio do curso é competencia do Concello?, tamén se puxo. O Barco, Monforte, Ferrol, Cuntis... ¿alteraron as súas competencias todos estes concellos que repartiron no comezo do curso, en setembro, non en decembro, e que seguen repartindo mascarillas para todo o alumnado para que non se signifique a ningún alumno?, ¿alteraron as súas competencias?, ¿están a facer mal?, por certo, moitos son do Partido Socialista. Entón, como vemos que as competencias do Concello pódense alterar cando así e necesario e considerado por esta corporación, porque existe esa necesidade, a saúde do alumnado de Mugardos si que é unha competencia do Concello. E non vamos a retirar o punto porque cremos que é necesario neste momento facer iso e non sinalar aos alumnos necesitados. Moitas grazas.



Concello de Mugaros
(A Coruña)

Sr. Alcalde: Si.

Sr. Mahía Prados: Solicito aclaración de voto.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois veña, aclara o voto.

Sr. Mahía Prados: Ben, señor Alcalde, señor secretario, señora interventora, señores concelleiros, vou ser moi breve, porque o tempo é o que é. Din vostedes que non queren listas de familias beneficiarias, logo... ¿onde se publican tamén as listaxes de axudas de transporte e ensino?. Por favor, dígamo, porque igual se non queremos listas de persoas beneficiarias temos que eliminar tódalas axudas do Concello, se é o que queren, eliminar tódalas axudas do Concello, por favor, presenten a proposta cando gusten, nós non a imos a apoiar. E falan de que queren evitar as listas de beneficiarios e tal, pero... descoñezo si coñecen a Lei de Protección de Datos, e as sancións que hai en materia de protección de datos por incumprimento, e non creo que a Xunta, sendo unha administración autonómica, non coñeza a Lei de Protección de Datos. Entón, iso dos listados... aquí a única lista negra que houbo neste Concello non a fixemos nin nós nin os funcionarios, creo que a bo entendedor poucas palabras bastan. E para finalizar, outro tema, hoxe mesmo a concelleira de educación falou cos directores, porque fala cos directores senón tódalas semanas cada quince días mínimo, e ratificar o que dixo aquí o señor Alcalde, eles están ao tanto de que se hai necesidades por parte dalgún alumno por este Concello poden vir aquí e se lles vai a dar mascarillas, se lles vai dotar de medios e se van a buscar solucións, aquí sempre se lle abreu a porta á xente, sempre que a xente o necesitou. O que me parece irrisorio, e así de claro o digo, é que se queira traer unha moción dicindo que hai que comprar mascarillas para todos porque a situación do COVID é a que é e isto vai para moito largo... mire, a situación do COVID é a que é dende marzo, e dende marzo este Concello estivo traballando por prestar axuda aos veciños, con mamparas, con limpeza, con desinfeccións, etc, e Esquerda Unida non estivo, porque quero recordar que aquí tódolos grupos que forman a corporación, coa excepción de un, participou no reparto de pantallas, participou no reparto de material e participou en axudar aos veciños. Entón que veñan agora aquí presentando unha moción esixindo gratuidade de mascarillas para todos, dicindo que son importantes e que hai que protexer á poboación, cando tiveron na man poder facer algo e non o fixeron... pois permítame que lle diga que cando menos, non vou a dicir que é hipócrita, porque non quero unha chamada á orde, pero si que vou a dicir que é de pouca consciencia moral.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois aclarado o voto en todo caso, pois pasamos a votar este asunto. Votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois queda rexeitada a moción.

4.- MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN RELATIVA AO POBO SAHARAUI.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao seguinte punto, que é o punto cuarto, moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común relativa ao Pobo Saharai. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. González Lorenzo (que traducido di): As pantallas eran competencia do Concello pero sen mascarillas debaixo non valen. Vamos á moción... máis pobriños... Bueno, de todos creo que xa é coñecido a situación que está a vivir o Pobo Saharai tra-la ruptura do Alto el Fuego levada a cabo por Marruecos, senón na exposición de motivos da moción, que supoño que lería todo o mundo e o lerían nas noticias tamén, relátase moi ben. Mugardos, dende fai anos é un pobo acolledor de nenos e nenas saharais no programa Vacacións en Paz. É por estes nenos e estas nenas polos que coñecemos a situación da vida e da loita que levan a cabo tanto nos campamentos de refuxiados coma nos territorios ocupados e liberados, Mamuni, Sahara, Fathia, Salma... se encargaron de contarnos a situación que viven alí e a súa loita. Nalgunha comisión de seguemento xa se falou disto. Por todo isto traemos esta moción que a Asociación Galega de Solidariedade co Pobo Saharai pediunos que se trouxera aquí. Os puntos da moción son: Punto un, Expresa o seu apoio e solidariedade co Pobo Saharai ante a agresión marroquí que viola as fronteiras e os Acordos de Paz establecidos en 1991 e que supón ademais unha rutura do Alto el Fuego. Punto dous, instar ao Secretario Xeral da ONU, Antonio Guterres, ao nomeamento dun enviado ou representante Especial para o Sáhara Occidental, imprescindible pola responsabilidade que ten sobre a organización do referendo, asistido por MINURSO. Punto tres, realizar un chamamento á ONU e á MINURSO á súa implicación no conflito do Guerguerat e ao restablecemento do Alto el Fuego para que os enfrontamentos non deriven nunha situación de conflito armado ou incluso nunha volta a unha guerra aberta. Punto cuarto, instar ao goberno español para que inste á súa vez á ONU a cumprir a resolución 690 do Consello de Seguridade de 29 de abril do ano 1991 que mandata á MINURSO á organización dun Referendo durante o vindeiro ano 2021, para establecer o calendario na base do censo aprobado no seu día pola ONU. E punto quinto, instar ao goberno español para que como potencia administradora que ten pendente responsabilidades históricas, colabore e contribúa á celebración do referendo e siga promovendo unha actitude de diálogo e calma entre as partes, para frear a escalada de tensión e para a non agudización do conflito e a volta ao Alto el Fuego.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... en todo caso pois presentada a moción comezamos un primeiro turno de intervencións. ¿Palabras?. Gemino, José Ángel. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu creo... creo... bueno, non creo, afirmo que o Pobo Saharai leva preto de trinta anos agardando a que a comunidade internacional e as Nacións Unidas pois cumpra co que había acordado, que non é outra cousa que a celebración dun referendo de autodeterminación para que a cidadanía saharai poida decidir o seu futuro, e creo que o estado español nesta situación ten un papel fundamental, xa que foi administradora dese territorio, e creo ademais que tamén que ten unha responsabilidade, tanto xurídica como política, na descolonización dese territorio. E por iso vamos a apoiar esta moción, fundamentalmente porque queremos amosar o noso apoio e solidariedade co Pobo Saharai ante a agresión marroquí, que está a violar as fronteiras e os acordos de paz do ano 1991, e



Concello de Mugardos
(A Coruña)

que supón ademais unha ruptura do Alto el Fuego. E expresamos tamén un dereito irrenunciábel do Pobo Saharai a exercer o seu dereito de autodeterminación. E ademais quixéramos facer tamén unha emenda de adición a esta moción, que sería o punto sexto, e que diría que o Concello comprométese a asignar a partida destinada ao programa “Vacacións en Paz” para axuda humanitaria ao Pobo Saharai; algo que creo que xa se falou nalgunha comisión da COVID e tamén nalgunha comisión de tal, e bueno, parece ser que naquel momento, cando se falou na comisión da COVID, había pois bastante unanimidade en destinar estes cartos, xa que non se ía a desenvolver o programa de Vacacións en Paz, a destinalo a axuda humanitaria, e bueno, despois incluso falouse dos orzamentos. Pero bueno, o punto sexto sería, como digo, ese. Non sei si os poñentes da moción o van a aceptar e bueno, non teño moito máis que dicir.

Sr. Alcalde: Si, José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Grazas. Bueno, nós máis aló dunhas consideracións históricas e do referendo que se faga o ano que ven ou non, si que cremos que aquí hai un problema de... un problema bélico e perentorio agora mesmo neste momento, e pode ser tamén un problema cos dereitos humanos, e entendemos que bueno, que é importante neste momento que si, que tanto o goberno español, como a Unión Europea e a ONU tomen medidas para que esta situación pois se subsane sen causar danos ao Pobo Saharai ¿non?. A parte de que bueno, estamos evidentemente, como dicía o voceiro do BNG, pois totalmente de acordo coa situación que viviu o Pobo Saharai durante estes anos ¿non?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois esgotado o primeiro turno se algún grupo quere abrir un segundo turno o solicita, e senón pasamos á votación. E... bueno... segundo turno non... non queredes facer uso do segundo turno, vale. Pois entón bueno, bueno, pois que a relatora se decante sobre a emenda que se realizou.

Sra. González Lorenzo: Ben, cremos completamente correcto o que aporta o BNG, xa foi solicitado na comisión COVID e na comisión de benestar, e si aceptamos esa emenda de adición como punto sexto.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, bueno, pois entón pasamos a votar con esa emenda do Grupo do BNG como punto sexto da moción. Entón votamos, votos a favor da moción, en contra, abstencións. Bueno, queda aprobada a moción.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN relativa ao Pobo Saharai, coa emenda de adición introducida durante o debate polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Argemino Varela Filgueiras, no sentido de incorporar un punto sexto aos acordos que figuran no texto da moción, e que foi aceptada pola relatora da moción, e o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor (2 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

1.- Expresa o seu apoio e solidariedade co Pobo Saharai ante a agresión marroquí que viola as fronteiras e os Acordos de Paz establecidos en 1991 e supón ademais unha rutura do Alto el Fuego.

Expresamos igualmente o noso compromiso coa causa saharai e o noso convencemento do seu dereito irrenunciábel ao exercicio do dereito de autodeterminación, que xa non pode esperar máis.

2.- Instar ao Secretario Xeral da ONU, Antonio Guterres, ao nomeamento dun enviado ou representante Especial para o Sáhara Occidental, imprescindible pola responsabilidade que ten sobre a organización do referendo, asistido por MINURSO.

O anterior representante Especial, Horst Koehler, dimitiu por motivos de saúde en maio de 2019 e dende entón a ONU leva un ano e medio sen nomear un enviado especial, aínda cando o seu papel é importantísimo para reactivar o referendo. Durante o mandato do expresidente alemán Koehler, celebráronse dúas reunións de acercamento entre as partes en Ginebra, en decembro de 2018 e maio de 2019.

3.- Realizar un chamamento á ONU e á MINURSO á súa implicación no conflito do Guerguerat e no restablecemento do Alto el Fuego para que os enfrontamentos non deriven nunha situación de conflito armado ou incluso de volta a unha guerra aberta.

4.- Instar ao goberno español para que inste á súa vez á ONU a cumprir a resolución 690 do Consello de Seguridade de 29 de abril de 1991 que mandata á MINURSO á organización dun Referendo durante o vindeiro ano 2021, co establecemento dun calendario e sobre a base do censo publicado no seu día pola ONU. Así mesmo débense decidir os funcionarios, tropas e fondos suficientes, para a súa celebración con garantías democráticas e absoluta transparencia.

5.- Instar ao goberno español para que como potencia administradora que ten pendente responsabilidades históricas, colabore e contribúa á celebración do referendo e siga promovendo unha actitude de diálogo e calma entre as partes, para frear a escalada de tensión, para a non agudización do conflito e a volta ao Alto el Fuego.

6.- O Concello de Mugardos comprométese a asignar a partida destinada ao programa “Vacacións en Paz” para axuda humanitaria ao Pobo Saharai.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 896/2020 Á 998/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto quinto que é dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía e polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende o número 896 á 998, ambas inclusive.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 896/2020 á 998/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, antes de pasar a rogos e preguntas imos a... si Miguel.

A.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº. 12/2020.

Sr. Mahía Prados: Boas. Por parte da... vou sacar isto, porque senón... Había un tema pola vía da urxencia que sería unha modificación de crédito, que se realizou hoxe pola mañán na comisión. A urxencia ven motivada porque... bueno, como todos coñecemos o ano finaliza e as modificacións de crédito terían que estar en vigor antes de finalizar o ano para poder dispoñer dos fondos. Esta modificación de crédito o que busca é completar partidas e gastos de persoal que se foron facendo ao longo do ano, e que bueno, agora que estamos a finais do ano, para evitar un peche de ano abrupto e con tensión nas partidas orzamentarias pois traense esta serie de... bueno, de melloras das partidas por adición de crédito. A urxencia ven motivada, como expliquei, pola necesidade da súa aprobación para enviala ao Boletón Oficial da Provincia, e nesta modificación van dende prestacións económicas por situación da emerxencia da COVID 19, adquisición de alimentos, servizo de axuda no fogar, servizos de limpeza, consumos eléctricos de centros culturais e educativos, retribucións do persoal do GES, lixo, SAF, biblioteca e da administración en xeral.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, unha vez xustificada a urxencia do asunto votamos a urxencia da inclusión deste punto na orde do día. Votos a favor da urxencia, en contra. Bueno, queda... queda entón aprobada a urxencia.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 3 votos en contra (2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº. 12/2020”** incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 6.

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº. 12/2020.



Concello de Mugaros
(A Coruña)

Tras deliberación, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 12/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta proposta formulada polo concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en data 23.11.2020, o informe da interventora municipal de data 23.11.2020, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 25.11.2020, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 3 votos en contra (2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG),
ACORDA:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 12/2020**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **348.524,83 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS CONSIGNACIÓN
	1621.13100	Retribucións persoal laboral temporal persoal lixo (contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso)	9.000,00
	330.13100	Retribucións persoal laboral temporal persoal cultura (contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso)	5.499,56
	3321.13100	Retribucións persoal laboral temporal persoal biblioteca.(contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso)	5.157,21
	920.13100	Retribucións persoal laboral temporal persoal administración xeral.(contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso)	17.139,20
	323.22700	Servizo de limpeza e desinfección de centro de ensino curso académico 2020/2021	17.545,00

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 54.340,97 €

2º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS (aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento)



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

PROX.	Aplicación Orzamentaria	Créditos totais consignados antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
	136.14300	301.424,28	24.000,00	325.424,28	Contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	136.16000	135.666,74	18.500,00	154.166,74	Contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	231.13100	383.511,53	90.000,00	473.511,53	Contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	231.16000	179.601,60	30.000,00	209.601,60	Contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	3321.16000	10.347,48	2.000,00	12.347,48	Contratacións persoal laboral temporal para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	920.12003	26.818,45	7.411,36	34.229,81	Nomeamento de funcionarios interinos para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	920.12005	8333,08	5.272,50	13.605,58	Nomeamento de funcionarios interinos para substituír ao titular por permisos, baixas por IT, vacacións, etc..., segundo o caso.
	231.22799	354.540,59	80.000,00	434.540,59	Servizo de axuda a domicilio outubro, novembro e decembro (empresa).
	231.48000	81.000,00	17.000,00	98.000,00	Prestacións económicas pola



Concello de Mugardos
(A Coruña)

					situación de emerxencia pola COVID-19 e adquisición de alimentos para o centro solidario.
	320.22100	47.307,99	15.000,00	62.307,99	Consumo eléctrico centros educativos.
	330.22100	25.900,73	5.000,00	30.900,73	Consumo eléctrico centros culturais.
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO			294.183,86		

TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS 294.183,86 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **348.524,83 €**.

REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2019	1.523.722,18
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 03/2020	164.518,51
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 04/2020	148.735,45
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 05/2020	698.678,59
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 09/2020	8.000,00
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 10/2020	75.000,00
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 12/2020	348.524,83
= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 12/2020	80.264,80

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **0 €**.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos, así



Concello de Mugaros
(A Coruña)

as modificacións do Anexo de Investimentos e da correspondente programación plurianual no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): E... bueno, pois abrimos un primeiro turno, ¿palabras?... primeiro turno, si. Abrimos un turno... ¿palabras para o primeiro turno?. Por aquí o Bloque, PSOE... ti non. Gemino e José Ángel entón.

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, nós votamos en contra da urxencia e consecuentemente vamos a votar en contra da modificación de crédito. E vamos a votar en contra da modificación de crédito fundamentalmente por dúas cuestións. A primeira é que non entendemos moi ben que tendo presentado uns orzamentos e aprobados uns orzamentos fai escasamente dous meses non se tivera en conta todo isto que pode pasar agora coas modificacións de crédito, non só con esta, senón coa anterior para a adquisición de... do... bueno, da infraestrutura da biblioteca e para o amaño da escola infantil municipal. E ben, entendo que como ben se explicou na comisión hoxe á mañán, a maioría destas cousas viñan derivadas, indubidablemente un pouco da COVID, pero é certo que os orzamentos elaboráronse cando xa a COVID estaba, por dicilo dalgunha maneira, en pleno auge, entón non entendo que o goberno non tivera a previsión de aumentar esas partidas ou como mínimo de facer unha partida destinada para os problemas da COVID 19. Fundamentalmente digo, esa é unha cuestión, e a outra cuestión é que, e a vou a ler literalmente, “tamén quero manifestar que as modificacións de crédito que veñen, e tódalas modificacións de crédito que se teñan que negociar si que nos gustaría poder participar e negociar co resto dos grupos, que partidas se poden modificar, cales se poden esgotar, cales non...”, iso é o que dicía o hoxe concelleiro de facenda cando estaba na oposición, concretamente no Pleno do 26 de xaneiro do ano 2018. Pois ben, isto en canto ás modificacións de crédito como mínimo... bueno, como mínimo non, eu creo que ningunha, co BNG nunca se contou para poder debater estas modificacións de crédito.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso e... bueno, para aclarar algunha cuestión, e.... bueno, imos a deixalo. Imos continuar entón, veña. José Ángel, por favor.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, nós neste caso imos a aprobar... imos a apoiar tanto a urxencia como a modificación de crédito. Entendemos que bueno, que son axustes en temas de persoal de final do ano. Si que reiteramos a nosa... o que sempre comentamos, que se está a abusar da modificación de crédito neste Concello dende fai moito



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

tempo e que sería bo que non fose así ¿non?. Tamén entendemos que hai, efectivamente, un problema de previsión ao non ter previstos estes gastos no mes de xullo, que foi máis ou menos, supoño, que se tomarían os datos para poder preparar o orzamento para o 2020, que xa efectivamente pasaba medio ano, co cal si que sería previsible que se produxesen todos estes gastos ¿non?, no tema de persoal, porque son practicamente todo substitucións, pode haber, efectivamente, pois causas sobrevidas de traballadores que non... que non estean ou tal, e que haxa que facer unha pequena modificación, pero bueno aquí van modificacións bastante importantes para cubrir tódolos gastos dos traballadores, e ao final de todo se nos meten os contratos de electricidade... non sei, os contratos de electricidade non sei si están xa contratados ou non, pero bueno, xa creo que debería pois de estar tramitándose pola canle legal tantas veces reclamadas polo Partido Popular nestes plenos. Entón bueno, sería seguramente o momento xa de que iso estivese corrixido. E por último, bueno tamén mencionar que como este ano pois quedou en suspenso o tema da regra de gasto e o plan económico e financeiro e todo o tema, si que creo que é importante que se teña prudencia neste sentido, tal e como recomendan as responsabilidades ¿non?, na xestión financeira do Concello, porque... bueno, que non haxa que cumprir coas normas da regra de gasto etc, non quere dicir que non haxa que ter un pouco de prudencia e responsabilidade, seguramente a que non se tivo durante os anos pasados. Nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se alguén quere un segundo turno... ¿algún grupo?. Non... ¿eh?. Segundo turno, si. Esquerda Unida... Si, bueno, pois entón Esquerda Unida e Partido Popular. Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes a todos e todas. Nós vamos a manter o voto que emitimos na comisión informativa, tanto pola urxencia como polo contido da modificación. É obvio que o voto vai en contra, e ten relación co procedemento co que se trae esta modificación de crédito, a modificación de crédito número 12, por valor nada menos que de 348.524,83 euros, o que fai que do remanente de tesourería para gastos xerais do ano 2019, que partía de 1.523.722,18, estemos tras esta modificación de crédito, que vai a saír aprobada polo Pleno, simplemente co resto de 80.264,80 euros, é dicir, hai practicamente xa nas modificacións de crédito 1.450.000 euros investidos ou destinados a gasto corrente ou a gasto de persoal a través da utilización do expediente de modificación de crédito, a maiores dos diferentes expedientes que se foron plantexando, tendo a competencia a Alcaldía, que aínda que ten a competencia, tal e como ven na base número 16, das bases de execución do orzamento, teñen que ser dados conta na comisión informativa de facenda, e ningún deses expedientes, nin o expediente sete, nin o expediente oito, nin o seis pasaron por comisión, e nos gustaría que se tomara nota e que foran a dar conta á comisión o 6, o 7 e o 8, porque así o di a base número 16... o artigo número 16 das bases de execución dos orzamentos. E nesas modificacións, nalgunha das que citei, aparece xa un incremento da partida, concretamente de seguridade social de benestar social xa por valor de 41.000... 45.000 euros, dando de baixa outras partidas das vacantes que non se convocaron na OPE deste ano, que estamos convencidos de que se convocará na OPE do ano vindeiro, tras ese acordo que se está negociando co Comité de Empresa. Bueno, o dicía algún voceiro, que é destacable que o fundamental desta modificación de crédito non son as partidas de emerxencia social, como



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

consecuencia do COVID, bueno, proba delo temos o rexeitamento de varias mocións, incluso unha que acabamos de rexeitar agora para instar a investir este Concello en material necesario, imprescindible e obrigatorio para o COVID. Nesta modificación 231.000... perdón, nesta modificación 213.979 euros son dedicados a gastos de persoal, o que nos acerca a un gasto de persoal próximo aos tres millóns e medio de euros, e a un orzamento de case nove millóns e medio de euros para este ano 2020, o que debería de levarnos, entendemos nós, a reflexionar, porque ademais os incrementos están bastante focalizados, debería de levarnos a reflexionar sobre os ingresos externos que temos para manter eses servizos, os ingresos que xeramos a través das nosas ordenanzas fiscais e os cartos que destinamos do conxunto desa casa... caixa única, perdón, que é o orzamento municipal, ademais partidas que xa foron, como dixen antes, suplementadas en diferentes modificacións de crédito a través de diferentes métodos para facer esas... esas modificacións de crédito. E despois por outra parte, o plantexábase hoxe na comisión de facenda, pola mañán, na que... bueno, solicitábase algunha xustificación do incremento en canto a persoal, bueno, se nos remiteu ás modificacións de crédito, nalgunhas se nos contestou, creo que sen ningunha intención, de forma errada, porque non estábamos preguntando exactamente por esa, pero o certo é que con estas diferentes modificacións nos estamos aproximando a eses tres millóns e medio de euros de gastos de persoal, e utilizando, como dixen antes, uns 231.000 euros desta modificación de 348.000 para gastos de persoal, que a día de hoxe non recibiron ningunha ou non se deu ningunha explicación nesa comisión de facenda, persoal e participación cidadá. Creo que unha cantidade desas características debería de ser explicada, polo menos, para que poidamos votar con garantía e con coñecemento, porque unha das cuestións fundamentais é ter o coñecemento suficiente para votar. E a outra gran modificación son os 80.000 euros que explicitamente veñen destinados para a empresa, que nun principio era de apoio, e digo nun principio, porque creo que se está cambiando o carácter do servizo que está a prestar a empresa de axuda a domicilio, e cun expediente de contratación, que como todo o mundo sabe, iniciado no 2018, e que non se puido completar e sacar a licitación porque unha modificación para dotar de fondos a esta partida foi rexeitada por este... non por este Pleno exactamente, por esta composición de Pleno, pero si por moitos dos que hoxe propoñen esta modificación e que impediu que ese expediente de contratación do ano 2018 puidese ser levado a cabo. E digo que é un cambio, entendemos que substancial, do traballo para o que estaba concebido a empresa, e si se quere cambiar o criterio nos parece perfecto, pero cremos que polo menos debería de ser explicado en comisión, porque a empresa estaba para prestar apoio en festivos, fines de semana e contratacións urxentes ou cando os funcionarios de contratación e funcionarias tiñan moita carga de traballo; o comentábase o outro día na comisión de benestar, na última Xunta de Goberno se aprobou unha factura de xuño por valor de 11.000, unha factura de xullo por valor de 21.000, e unha factura de agosto por valor de 29.000. Bueno, a presidenta dixo que o traería a unha próxima comisión, o incremento de beneficiarios, pero si o custo se incrementa polo número de beneficiarios estamos cambiando a natureza do que prestaba a empresa. E debe de ser, porque se estábamos nunha media de 11.000 e pasamos a 29.000, e son oitenta mil os cartos que se necesitan para tres meses, pois estaríamos nunha media de 25.000 euros, o que nos leva a unha cantidade nada desdeñable, que ao mellor é necesario investir nese servizo de axuda a domicilio, pero que si que entendemos, dado que... que por certo, non veu ao Pleno tampouco o expediente do Plan



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Concertado, que é obvio, e así o pon a resolución, dar conta ao Pleno, a financiación que se solicita á Xunta de Galicia para a dependencia son de 185.000... bueno, pois tamén deberemos de reflexionar en torno a este servizo, porque ao mellor é correcto o que se está facendo, e non temos dúbidas diso, pero si que cremos que si hai ese cambio en canto ao servizo que ten que prestar a empresa, máis alá de que se remate o expediente de contratación, si que debería de ser partícipe, aínda que non na toma de decisións, si partícipe no coñecemento á comisión. Polo tanto, e o último que nos queda, que é a outra partida importante, son os 17.000 euros de contratación da limpeza e desinfección dos centros educativos de Santiago Apóstolo e Unión Mugarlesa, que é unha adxudicación de contrato que xa se fixo o 23 de setembro; nalgunha comisión temos solicitado o expediente e bueno, non se nos facilitou a día de hoxe, volvemos a reiteralo no Pleno que se nos facilite o expediente de contratación dese servizo para saber as condicións, e que bueno, que ven incorporado aquí como unha partida inexistente no... no orzamento. Bueno, polo tanto...

Sr. Alcalde (que traducido di): Vaia rematando, por favor.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Si, perdón, que creo que xoga o Madrid, ¿non?, agora ás nove. Xa acabo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, é o que regulamento pon no segundo turno 5 minutos.

Sra. Díaz Otero: Ah, perdón.

Sr. Alcalde (que traducido di): E estou sendo todo o flexible que poido... estou falando eu, non me interrompa, agora estou falando eu.

Sra. Díaz Otero: Si.

Sr. Alcalde (que traducido di): O regulamento, e sábeo porque o aprobou vostede, ou debería de sabelo, pon que o segundo turno son 5 minutos. Son flexible, pero teñen vostedes dous turnos; se vostedes decaen en aproveitar o primeiro turno non poden facelo no segundo. Polo tanto si decaen nun turno teñen cinco minutos. Podo dar seis minutos... podo ser un pouco flexible, pero leva vostede dez minutos no segundo turno. Rógolle que remate xa dun xeito rápido. Ten a palabra. ¿Rematou?. Pois moi ben, moitas grazas. Si.

Sr. Mahía Prados: Ben.

Sr. Alcalde: Cinco minutos Miguel.

Sr. Mahía Prados (que traducido di): Cinco minutos, perfecto, sóbrame un. Imos ver, porque aquí eu a verdade estou flipando, e o digo en serio, porque se había que ter cada dura para votar en contra dos orzamentos que pagaban os seus pufos, vir aquí hoxe aquí a falar dunha modificación de crédito para pagar axudas sociais, precisamente que era o que vostedes



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

dicían na súa moción para dar mascarillas, para comprar para a xente... agora votan en contra; eu non entendo as súas posturas, de corazón que non as entendo, entendo que están desnortadas e non saben facer oposición. Bueno síntese, tiveron a oportunidade de gobernar e o fixeron francamente mal. Falan vostede de que fixemos case un millón e pico en modificacións de crédito... si, o fixemos, 370.000 euros para pagar o pufo do Concello de Ares que estaba pendente, 120.000 euros pendentes de pufo que deixaron vostedes das horas extras do Grupo de Emerxencias Supramunicipal. E digo máis, falaban vostedes dunha modificación de crédito que se fixera, que votamos en contra onde ía o SAF, que votamos en contra para poder contratar a empresa, que non había partida. Mire, vostedes saben perfectamente coma min, e o deberían saber porque vostedes gobernaron este Concello, que a final de ano hai unha tensión na... no pago a persoal, o saben tan ben coma min, porque hai unha tensión de pago a persoal por tódalas substitucións, as baixas e todo o que se está xerando ano por... e... no mesmo ano. Vostedes non lle pagaron as nóminas ao GES, as nóminas ¿eh?, e a outro persoal deste Concello, ¿e sabe por que?, porque tiñan esta mesma tensión de persoal que temos nós no Concello. Mire, falan vostedes de que os gastos de persoal son de case tres millóns de euros, ¿que quere?, ¿que suspendamos o funcionamento do Concello?, ¿que non contratemos xente para traballar aquí no Concello?. ¿Iso é o que quere?, paralizar a administración, é o que quere, non dar servizos aos veciños, que non se cubran as baixas e que non se dean os servizos públicos e de calidade que vostedes tanto defenden. Iso é o que vostedes realmente queren e por iso votan en contra desta modificación de crédito; porque esta modificación de crédito o que vai a facer é poñer cartos nas partidas de servizo de atención de axuda no fogar, de axudas de alimentos, de axudas de... das partidas de persoal para pagar as nóminas e que a administración siga funcionando. Porque se fora por vostedes o que tiñamos que facer nós a primeiros de ano era suspender pagos polos pufos que nos deixaron de máis de tres millóns de euros, case, que se di pronto, entre certificacións de obras, o que se debía a Ares, a Augas de Galicia... e teñen a cara de traer unha moción aquí dicindo que hai que pagar mascarillas gratis para todos... ¿e cos cartos de quen?. Mire, por favor, sexamos serios, sei que lles vai a custar isto, pero sexamos serios, os cartos dos veciños son sagrados, e hai que manexalos cos criterios que merecen. Falaban vostedes tamén de que... da xestión do SAF, miren, hoxe, hoxe coñecemos que a Xunta ampliou as horas a este Concello para prestar o servizo de axuda no fogar, ¿e sabe por que?, porque atendemos a máis dependentes, porque incrementamos un 40% a prestación básica, incrementamos un 17% a atención dos dependentes, incrementamos, pasamos a partir desa da que fala, pasamos de 200.000 euros que había consignados para a empresa, a 280.000 euros con esta modificación, ¿e sabe por que?, porque queremos atender á xente. ¿Sabe por que se tira da empresa?, porque nos deixaron unhas listas de substitucións que meten medo, porque non hai ningunha que estea sacada e que estea realizada, ¿pero vostedes que fixeron no gobenro?, ¿pero que fixeron?, moitas festas, iso si ¿eh?. Porque eu mesmo nesa partida da cal falaba o voceiro do BNG, por suposto, ¿sabe que modificación foi esa?, a mesma modificación na que meteron os pagos de festas e na que meteron toda a trangallada do ano pasado para blanquear a súa xestión. E por suposto que este concelleiro e este grupo non blanquea a xestión de ninguén, e menos vulnerando a legalidade, como se fixo neste Concello en materia administrativa, 46 reparos en contratos, 46. Equilibrar eses servizos, e levamos un ano que non podemos nin licitar como Dios manda nin temos partidas suficientes para poder sacar servizo de desbroce,



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

servizo... ¿pero vostedes que clase de leccións queren dar?, ¿pero que clase de leccións quere dar vostede?. Por favor, sexamos serios. Xa que non foron serios no goberno polo menos sexan serios na oposición.

INCIDENCIA: Faise constar que durante a intervención do concelleiro D. José Miguel Mahía Prados, sendo as 20.23 horas, auséntase o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. Argemino Varela Filgueiras, reincorporándose á sesión ás 20.25 horas durante a intervención do mesmo concelleiro.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, grazas. Hai que ter en consideración os aerosois. Bueno, en todo caso, bueno, rematado este asunto eu só teño que dicir unha cuestión, eu creo que o dixo ben o voceiro do Partido Popular, é un enorme alivio para min, como Alcalde, saber que agora si, dende a oposición, si que aplican a normativa que antes non lian, e eu celébroo porque quizais agora teñan máis tempo libre que antes. E en todo caso si que deberíamos de reflexionar todos os que estamos aquí presentes acerca de como chegamos a esta situación, de como estaba o Concello cando chegamos, que nos atopamos, cal era a situación económica de quebra técnica, que calquera empresa privada estaría absolutamente pechada por unha quebra absoluta por falta de liquidez, e si, vostedes saíran dicindo que teñen vostedes diñeiro, pero o certo é que vostedes non pagaban nada, e o certo é que este goberno pechará o ano pagando todo o que vostedes non quixeron pagar. En todo caso esa é a situación. Reflexionemos todos, toda a corporación sobre o que se fixo para non ter que repetilo nunca máis. Bueno, en todo caso esgotado o turno de intervencións imos a pasar á votación. Votos a favor da modificación de crédito, en contra... Vale, pois queda aprobada a modificación de crédito.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao último punto, o punto de rogos e preguntas. Bueno, e... temos ahí, e... Bueno, temos as preguntas das concelleiras de Esquerda Unida. Si, quen... si. A perdón, os decretos... si, si. Non, os decretos xa os fixen antes. Si, si, antes de rogos e... si, xa din conta antes. Pasamos entón a... imos ver, e... Pilar Díaz Otero. Si.

Sra. Díaz Otero: Bueno, pois boas tardes de novo, son dúas preguntas de resposta oral e dúas preguntas de resposta escrita, as catro van dirixidas ao Alcalde. A de resposta oral, a primeira, é que o día 13 de outubro se solicitou por escrito o acceso á seguinte documentación: contrato de adxudicación da estrutura, certificado de instalación obrigatorio e seguro de responsabilidade civil obrigatorio con arreglo á instalación dunha carpa no interior do CEIP Unión Mugar desa. Esta petición foi reiterada en diferentes comisións informativas sen obter resposta a día de hoxe. E a pregunta é, ¿cal é o motivo de que non se nos facilitase a citada documentación?. ¿As leo todas?.

Sr. Alcalde: Si.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Sra. Díaz Otero: A segunda é, na Xunta de Goberno Local do 22 de outubro se retiraba da orde do día o seguinte punto: Adxudicación do servizo de “Almorzo e Xantar e o de monitores/coiadores de comedor escola municipal para o CEIP Unión Mugar desa e Santiago Apóstolo do Concello de Mugar dos” pola modalidade de contrato menor, expediente 20.2.62, porque debido a cuestións de urxencia a prestación do servizo iniciouse o 14 de setembro de 2020. Tras preguntar na comisión correspondente se nos remite ás resolucións. ¿Podería indicarnos o número da resolución no que se adxudica o servizo citado?. E as preguntas de resposta escrita, son tamén para o Alcalde, a primeira é, que tendo en conta a Xunta de Goberno Local do día 23 de setembro de 2020 no que se adxudica ó licitador Marcos Darriba López o servizo de “limpeza e desinfección de centros de ensino durante o curso académico 2020/2021, pola modalidade de contrato menor, expediente 20.2.59 por valor de 17.545 euros e as diferentes facturas rexistradas pola citada empresa e que non corresponden á adxudicación anterior. ¿Podería indicarnos cantos contratos menores, a maiores do citado, foron adxudicados á empresa MVP Racing Servicios durante o ano 2020?. E a última pregunta de resposta escrita é, na Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2020 se adxudicaba o contrato de “obras de reparación no colexio Unión Mugar desa” por valor de 3.254,90 euros á empresa “Electricidad Permuy S.L.”. Fai uns días a dirección do CEIP Unión Mugar desa rexistraba unha petición reiterando a necesidade de amaños xa comunicados. ¿Podería indicarnos si a empresa adxudicataria do contrato antes citado executou os traballos para os que foi contratada?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, en primeiro lugar, para contestar á primeira pregunta, referente ao certificado obrigatorio e seguro de responsabilidade civil se lle contestará na vindeira comisión de obras e se lle pasará a documentación correspondente á colocación desa carpa. E á segunda pregunta, referente ao almorzo e xantar e o de monitores/coiadores de comedor escolar, bueno, e... obviamente... bueno, a min sorpréndeme que en cultura preguntaran vostedes polo custo do servizo, en facenda se lles constestou sobre dito custo, e na concellería de benestar, que é a responsable, se lles dará conta de toda esta cuestión. ¿Vale?.

Sra. González Lorenzo: Empezo polos rogos ou por...

Sr. Alcalde: Si, si.

Sra. González Lorenzo: Ou polas preguntas.

Sr. Alcalde: Polos rogos.

Sra. González Lorenzo: Polos rogos, vale. Vou a empezar por un rogo que me parece vamos a ver... e...

Sr. Alcalde (que traducido di): Si... si. Bueno, pois fai a preguntas, logo facemos...



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Sra. González Lorenzo: Vale. E que como non o aclarou, dixo rogos e preguntas, por iso...

Sr. Alcalde: Si... perdón.

Sra. González Lorenzo: Ben. Dúas preguntas de resposta oral e dúas preguntas de resposta escrita. E as digo seguido tamén, ¿non?.

Sr. Alcalde: Si.

Sra. González Lorenzo: Pregunta de resposta oral para D. Miguel Mahía Prados. ¿podería indicarnos a que é debido que o importe derivado dos gastos de viaxe por comisión de servizo con dereito a indemnización, quilometraxe, efectuadas polas auxiliares a domicilio por visitas domiciliarias durante os meses de marzo, abril, maio, xuño e xullo de 2020, cun valor de 2.496,66 euros, non se recoñeceran e ordenara a súa liquidación ata a resolución 114/2020 de 17 de novembro?. Segunda para o señor Alcalde, Juan de Deus, o Xulgado do Social número 2 estima a demanda interposta por unha auxiliar de axuda a domicilio pertencente ás listas de substitucións e declara a improcedencia do despido adoptado polo Concello de Mugar dos no ano 2020, ofrecendo ó Concello a posibilidade de readmitila ou de indemnizala por valor de 968,52 euros. ¿Considera que se está a seguir o procedemento no chamamento ás auxiliares de axuda no fogar que conforman a lista de substitución en vigor?. Dúas de resposta escrita, para a concelleira Dna. Ana Varela Bastida. A primeira, na Xunta de Goberno Local do día 12 de novembro se recoñeceron para a súa liquidación as seguintes facturas da empresa M98 S.C.: Do 02.07.2020, 11.413 euros. No 04.08.2020, mes de xullo, 21.267 euros. O 01.09.2020, mes de agosto, 29.198 euros. ¿A que se debe o incremento da facturación da empresa M98 de apoio ó servizo de axuda no fogar para días festivos, fins de semana e substitucións de corta duración ou urxentes?. E a segunda de resposta escrita para a mesma, Ana Varela Bastida, ¿cantas traballadoras están activas para o chamamento na lista de substitución en vigor de auxiliares de axuda no fogar a día de hoxe, 25 de novembro do 2020, e si considera preciso iniciar o proceso administrativo para conformar unha nova lista?.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, a Resolución 114/2020 non ten nada que ver coa pregunta que vostede me está formulando.

Sr. Alcalde (que traducido di): Contesto... contesto eu agora á segunda pregunta.

Sra. González Lorenzo: Se non foi a 114 será outra... igual transcribín mal un número. Ah... ti buscaches a 114... bueno, pois espera, agora estou buscando eu tamén. Vamos a ver... esta non é... vamos a ver... decreto 984. Resolución 114/2020, do seis do dous... esa é a delegación, claro. Decreto 984. Si me quere responder ben, senón tamén...



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sr. Mahía Prados: Si, respondo, respondo, porque a parte sei a resposta. Mire, o motivo de non pagar esta... os quilometraxes, principalmente foi porque xa en marzo, imputando os recoñecementos extraxudiciais de crédito que había que facer de tódolos gastos do ano 2019 quedaron as partidas sen nada. Entón, como tivemos que pagar tódolos pufos do ano anterior o que fixemos foi esperar a ter un orzamento en vigor e entón cando tiñamos un orzamento en vigor, a pesar das múltiples alegacións e a pesar dos múltiples problemas que houbo e... pagamos os quilometraxes. Ese é o motivo polo cal non se puido pagar antes, por inexistencia de crédito.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, a pregunta que me fai referente ao Xulgado do Social número 2, bueno, en primeiro lugar eu quérolle... quérolle... agradézolle a pregunta, pero en todo caso creo que é unha pregunta que debería de facer vostede en benestar, e en todo caso a resposta é que o procedemento é o mesmo que viña utilizando o goberno anterior, podo compartilo ou non, pero non se fixo ningunha modificación referente aos criterios de substitución. Claro... fíxose sempre o procedemento, si.

Sra. González Lorenzo: Si se está a seguir neste momento o procedemento nos chamamentos.

Sr. Alcalde (que traducido di): Estábase a facer ata que houbo demandas por parte das traballadoras... hai unha demanda xudicial, como correspondente de que as persoas que estaban substituindo baixas están comezando a denunciar ao Concello... vostedes saberán por que, porque o procedemento instaurárono vostedes. O secretario vixiará, loxicamente, eses procedementos, se están adecuados ao que debía ser.

Sra. González Lorenzo: Non pero... non lle poido contradicir, ¿eh?. Pero a miña é o procedemento no chamamento, logo supoño que calquera traballador ten dereito a facer as demandas que estime oportunas se considera que os seus dereitos foron vulnerados. Unhas as gañan e outras as perden. Eu digo os criterios do chamamento, si se están a seguir nas listas en vigor.

Sr. Alcalde (que traducido di): A min non me consta que non se estean a facer ben.

Sra. González Lorenzo: Pois xa está respostada.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale. Bueno, pois abrimos un turno de rogos. Se tedes algún rogo, por favor, solicitudes o turno. Gemino... Gemino e quen máis ¿José Ángel?. Si, Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, eu non tiña un rogo, pero agora teño un.

Sr. Alcalde: Foi fallo meu non poñer os rogos antes.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Sr. Varela Filgueiras: Non, é que claro, indubidablemente eu rogaría que o goberno tome unha determinación de que é o que vai a contestar tanto nas comisións coma nos plenos, porque a esta pregunta do quilometraxe do SAF a fixen eu na comisión de benestar e se me contestou que era porque había veces que as metían todas xuntas... entón non era que as partidas estivesen esgotadas.

Sr. Alcalde: Si, responde.

Sr. Mahía Prados: Si. ¿Que ten que ver que as metan todas xuntas coa inexistencia de crédito?. Como se meten unha a unha... se non hai credito nas partidas, ¿como queren que as paguemos?. Pregunto ¿eh?. Ou sexa, igual se coñecen algunha outra forma de cumprir cos procedementos, e poder pagar sen ter crédito nas partidas, por favor, estou moi interesado en coñecelo.

Sr. Alcalde: Bueno, José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale. Grazas. Eu o primeiro rogo que vou a facer, eu xa o fixen varias veces en varios plenos, creo que xa o fixemos dende o noso grupo. E tamén vai un pouco con frivolarizar... con como frivolarizaba a voceira de Esquerda Unida ¿non?, con que hai fútbol ás nove ¿non?... pero bueno, algúns temos aos fillos en casa e queremos... non podemos conciliar porque os avós non se poden quedar con eles. Entón ao mellor, si, estaría ben ver o fútbol pero vamos a facer outras cousas ¿non?. Nese sentido, e ademais que faltan concelleiros habitualmente aos plenos, pois rogamos de novo pois a ver si podemos facer os plenos telemáticos, como se fan en moitos outros concellos e...

Sr. Alcalde (que traducido di): Estamos niso, estamos niso.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): E non parece que fose tan complicado, pero bueno. Nada, iso o primeiro. E logo, en segundo lugar, pois recollemos unha petición dos veciños que nos fan pola rúa e é en relación á limpeza dos mércores da desinfección do Mercado Municipal, que parece ser que se fai nun horario intempestivo que molesta aos veciños, e entón pois simplemente pois que se cambie o horario, imos rogar, para que non se moleste aos veciños que pola mañán nese horario queren descansar, eles e as súas familias. E xa aproveitando o rogo no tema da limpeza da praza, que tamén é outra das cuestións nas que reiteramos aquí continuamente neste Pleno e nas comisións, que nos segue a faltar unha limpeza do Mercado Municipal os sábados. Nada máis, era simplemente esas dúas cuestións. Grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale. Vale. Moitas grazas. Bueno, pois esgotado... ah. Perdón, faltabas ti, perdón, si, dime.

Sra. González Lorenzo (que traducido di): Antes me acelerei e agora...

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, non hai problema.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

Sra. González Lorenzo: Vale. Ben, teño varios, pero bueno. Un é con referencia aos escritos recibidos, temos comisións quincenais e frecuentamente preguntamos polos escritos recibidos, porque non veñen a comisión, e se nos di que non saben, non constan ou non... entón eu supoño que haberá algún sistema de reparto para que cada comisión os atenda e se non corresponden a unha que se leven para a outra. Iso unha, porque ás veces pasa ata un mes e medio, ou sexa, tres comisións, sen poder tocar eses escritos. Logo é outra na que na autovía do mar, porque actualmente non é Avenida do Mar, é a autovía do mar, parece que xa existe unha peatonalización encuberta para as ratas. Si podemos facer un esforzo en desratizar toda a Avenida do Mar, porque non sei si é por causa das choivas, da sequía ou das obras, o certo é que ultimamente a parte dunha autovía de coches é unha autovía de roedores. E xa por último, un último rogo, continuamente en comisións, e nestes plenos tamén, que queda escrito, nas comisións non se recolle na acta... esta caradura, desnortada, flipada... eses epítetos, eses calificativos os estamos recibindo continuamente por parte do portavoz do Partido Popular. Eu penso que un respecto á institución, e hacia nós e hacia o resto dos concelleiros é coidar a linguaxe e non facer eses alardes de mala educación, e así llo rogo para que non se repita. Grazas

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, pois moitas grazas. Bueno, pois levántase a sesión.

E sendo as vinte horas e corenta e un minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE